

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN ORDINARIA  
CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2015

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Quedou aprazada a súa aprobación ata a seguinte sesión.
2. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RODEIRO.- Aprobouse pola maioría de seis votos a favor (grupo municipal do Partido Popular), tres en contra (grupo municipal socialista) e dúas abstencións (grupo municipal mixto).
3. APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RODEIRO.- Aprobouse pola maioría de sete votos a favor (grupo municipal do Partido Popular e Sr. Lamazares Casero), tres en contra (grupo municipal socialista) e unha abstención (Sr. Salgado González).
4. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO DE RODEIRO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL.- Aprobouse pola maioría de seis votos a favor (grupo municipal do Partido Popular), un en contra (Sr. Lamazares Casero) e catro abstencións (grupo municipal socialista e Sr. Salgado González).
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO.- Aprobouse por unanimidade.
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á INSTAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A REALIZACIÓN DE MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA RAÑA.- Aprobouse pola maioría de seis votos a favor (grupo municipal do Partido Popular), tres en contra (grupo municipal socialista) e dúas abstencións (grupo municipal mixto).
7. MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. LAMAZARES CASERO RELATIVA Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN BENEFICIO DOS CAMBOTES.- Foi retirada polo concelleiro propoñente.
8. DAR CONTA DA ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS.- Deuse conta.
- ✓ MOCIÓN VERBAL POR URXENCIA DO CONCELLEIRO SR. LAMAZARES CASERO RELATIVA Á MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM.- Foi rexeitada a urxencia pola maioría de seis votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro a favor (grupos municipais socialista e mixto).
9. ROGOS E PREGUNTAS.- Formulan rogos e preguntas os concelleiros Sr. Vence Deza, Sra. Lorenzo López e Sr. Lamazares Casero.

